

Memoria e fascinación

NARRATIVA Unha novela cruzada de xéneros, na que o autor fai unha emotiva homenaxe aos anos universitarios en Compostela vividos pola xeración nacida nos 60.

Antón Riveiro Coello **Texto**


Hai libros prescindibles e outros que se fan necesarios. En determinados momentos, alguén ten a inspiración ou detecta esa falta. Tal é o caso d'*A identidade fascinada*, de Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962), profesor e editor artesanal de Bourel, unha factoría de pequenas alfaias feitas á man, co agarimo de quen ama os libros.

É tamén un poeta cunha voz singular (*Paisaxes de cinza* ou *Chans imperfectos*), e ultimamente despunktou como narrador, sobre todo tras acadar no ano 2011 o premio Manuel García Barros de Novela con *As fiandeiras*, unha obra que se desenvolve na vila da Estrada co pano de fondo das insurreccións cantonais de fins do XIX e que está fiada cunha prosa lenta, inflamada de adxectivación e cun lirismo que envolve a historia en papel de seda. Foi tan gorentoso o pracer desta novela, que eramos moitos os que agardabamos por unha nova obra do escritor ribeirense, devoto de Umbral e do preciosismo poético, da prosa rutilante e asombrada.

E velá *A identidade fascinada*, un libro ben curioso, cruzado de xéneros que o mesmo pode ser novela a xeito de ensaio que ensaio novelado, unha hibridación na que o autor fai unha emotiva homenaxe aos anos universitarios dos oitenta en Compostela, vividos por esa xeración nacida nos sesenta, que ocupou a cidade para estudar e tamén gozar desas noites sucesivas e desa ansia de liberdade, a primeira xeración do pracer propiamente dita.

Moitos dos que formamos parte dese desembarco masivo en Compostela, non tivemos a sorte, por idade, de vivir a experiencia política

dos anos setenta, pois cando Franco morreu apenas eramos uns nenos. Para nós non estaban reservados anos de loita revolucionaria, senón un tempo de diversión, consumo e *Movida* que aproveitamos con todo o entusiasmo da nosa mocidade. Por iso, os que de primeira man coñecemos esa época compostelá somos protagonistas activos d'*A identidade fascinada*, que é sen dúbida un exquisito percorrido polos lugares da emoción e, alén da saudade deses momentos, abrangue un punto de comprensión para eses espazos de pracer e neon onde compartimos tantos soños.



A identidade fascinada
Antonio Piñeiro
Galaxia, 2015

Todo o libro é un
mosaico de
sensacións:
a descuberta da
literatura, da política,
do amor, da cidade...

Neste libro, Antonio Piñeiro volve amosar as alturas da súa arte de fraseo lírico e devólvenos ese tempo coma unha alucinación. Lemos con gozo as metáforas coma se estivésemos baixo os efectos etílicos dun daqueles cubatas de vaso que consumiamos apoiados na “fascinación da barra” do Número K, da Ofissina, de La Bolera ou do Modus Vivendi. O autor fai unha enumeración exacta deses locais míticos onde gastabamos os soños, onde socializabamos, onde comentabamos as clases do Margarito ou onde lles faciamos as beiras a esas noites sucesivas. Cun adxectivo, Piñeiro é quen de radiografiar un local, unha época, unha ilusión colectiva ou unha “noite vertida nun vaso”.

Fai brillar a rutina universitaria no “taca-chas taca-chas” dunha fotocopiadora ou no son dunha campá. Todo o libro é un mosaico de sensacións: a descuberta da literatura, da filosofía, da política, do amor, da cidade, do “cuarto confuso”, do temario, do prato combinado, da biblioteca... e acerta de cheo pódolle o ramo coa bomba que estoupou na sala Clangor, pechando así unha época de fascinación e pracer, onde se perfilou a nosa identidade, onde nos descubrimos nos outros, na paixón dun bico, nun fracaso, nun suspenso, nun *gin tonic* ou nun concerto de Antonio Vega.

A identidade fascinada non é só un libro necesario e un marabilloso agasallo para os máis de 60.000 mozos e mozas que invadimos Compostela na década dos oitenta, senón tamén a confirmación dun autor, dono dun estilo lírico e suxestivo, capaz de lles tirar ouro ás palabras.